

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 184 — 1.º MAYO 1923

AS CONFERENCIAS DA IRMANDADE

A do irmán Carré Alvarellos



A sexta conferencia da serie organizada pol-a Seición de Cultura e Fala, tivo lugar o viernes 6 do pasado. Foi o conferenciante o noso querido irmán e gabado dramaturgo D. Leandro Carré Alvarellos, que falou de "A moderna orientación do teatro galego".

A conferencia, fondamente interesante según os nosos lectores observarán, mereceu grandes gabanzas, sendo moi apraudido e felicitado o irmán Carré.

A conferencia dí así:

A moderna orientación do Teatro galego

Introducción.

Quizáis haxa quen se estrane de que eu, autor dramático, veña falar de cousas do Teatro; tal vez non falte quen me xugue d'unha maneira pouco favorable porque adique esta conversa á tratar das obras alleas, ou porque fale das miñas propias. Mais eu digo: ¿Por qué non hei falar de Teatro? ¿Non falan os financeiros de finanzas, os músicos de música e os arquitectos de arquitectura? Pois eu, ¿había facer un estudo sobre o gando? Non. Quérovos falar do que estudei, do que é ouxeto da miña afición, d'aquelo que ten para min importancia grande na vida artística e social de Galicia.

Agora que non farei divisiós por crases de dramas; árbores xenealóxicos, nen sequer historia da dramática xeneral traendo á conto os gregos, romanos nen chinos: todas esas cousas que á vista d'algunha enciclopedia pode enxergar calquera para se dar ton de erudito, pero que non sirve para nada como non sexa para descubrir a fachenda e a cencia de purpurina con que se adornan certos sabios. Tampouco farei un estudo do desenvolvemento do Teatro en Galicia, cousa d'abondo mais importante para nós, pero que xa está feita por quen se especializou nesas investigacións histórico-literarias, persoa moi achegada á min, e quizáis logo sexa publicado. Quérome limitar sómen-

te á vos amosstrar o camiño que nos tempos actuaes vaise abrindo o Teatro Galego na vida da nosa Terra, e mais as tendencias moderna que sigue.

Cál é o Teatro Galego.

E ao me referir ao Teatro Galego, non falo naturalmente mais que do escrito na nosa fala, porque eu non podo en maneira algunha considerar como obras galegas á todas aquelas que, aínda tratando de copiar tipos da terra, son escritas en castelán.

E non se me tache por esto de exclusivista, nen se diga que pretendemos establecer *cotos cerrados*, como aseguraba non hai moito tempo certo cronista. ¿Qué mais quixera eu, que desexo a grandeza da miña Patria, que ver arri-quecida a nosa Dramática por algunhas obras que non é posible contar como formando parte d'ela, non porque nós as rechacemos senon porque os seus autores non quixeron escribilas para a súa Terra?

Nada significa que un autor trace unha obra inspirada nun asunto galego ou desenvolvendo a súa acción en Galicia, como nada significa, por exemplo, que Linares Rivas escribira "Lady Godiva", cuxa acción se desenvolve en Inglaterra, para que por eso podamos admitir que esta obra pertenezca ao teatro inglés, senon ao español.

Por outra parte pode un autor galego escribir unha obra sobre algún asunto ou problema universal, de ambiente completamente alleo á Terra nosa, que teña a súa acción en calquera parte estraña, e noustante esa obra non podería ser mais que unha obra galega.

A inxusticia do Teatro Español con Galicia.

Hai outra causa tamén para que nós, patriotas galegos, rechacemos, mellor aínda, combatamos, certas obras de *ambiente que din galego*. Non hai dereito realmente á que algúns escritores, coa autoridade que lles dá fora de Galicia a condición de seren nados nesta Terra, presenten as xentes galegas como envolveitas nas burdas vestimentas das pasiós mais ruíns, das medoñentas supersticiós mais ridículas, das baixezas todas que sómente poden cometer as almas cativeiras. Certamente que en Galicia, *coma en todol-os pobos do Universo*, existen homes viles e ñorantes; mais ¿á qué ven ese empeño en presentar escrusivamente estas lacras da humanidade cando se quer facer unha pintura das nosas xentes? ¿Por qué ese afinar mais e mais na crénza dos estranos que os galegos somos todos altamente cobizosos, torpes e grotescos? Se algúns escritores, galegos sómente porque abriron os ollos á vida en terras de Galicia, mais non pol-o amor que lle teñan, non pol-o que a conozan, non pol-o que a estimen, imitando os moitísimos autores estranos que de cote nos tratan con bulra e con desprecio, d'unha maneira falsa, torpe e burda que revela tanta é a súa ñorancia e mais a súa baixeza espiritual, nos aldraxan e nos rebaixan ante os alleos no nivel que ocupamos ¿non imos ter o dereito de lles cuspir no rosto?

Hora é xa de que seipamos facernos respetar, de que romatemos d'unha vez co'ese falso e imbecil tipo galego que roda pol-os teatros españoles entre as gargalladas do público.

E temos que encozear pol-os que teñen a obriga de nos conocer mellor por vernos mais de perto, inda que nos

miren á través das súas comenencias de autores españoles con pedestal en Madrid.

O que faltan son actores.

Na Memoria acerca da Dramática Galega, escrita e publicada por Salinas no ano 1896, dicía:

“O pouco desenvolvemento logrado pol-a arte dramática galega é debido á carencia de actores, pois de existir estes, é indubidable que, á imitación de Cataluña e Valencia onde hai compañías dramáticas que declaman no idioma peculiar da terra, xurdirían os dramaturgos que en forza de escribir para o teatro, producirían obras de mérito, xa que o pouco que temos, sen ser dechado de perfección dramática, é moi do caso que se estime e respete, mais aínda, merecente de que se alente aos autores”.

Tan verdade eran estas verbas do vello e constante loitador pol-o engrandecemento do noso Teatro, que hoxe, inda que non se constituíu aínda a primeira Compañía Dramática Galega, e sómente pol-as representacións que veñen celebrando algúns amadores, a nosa dramática ten adequirido tan asombroso desenvolvemento que cada día van aparecendo mais e mais obras hasta o punto de que pasan xa do cento as que hai escritas; e se ben é certo que moitas d'elas non teñen valor algún por seren o froito ruín de xentes que carecen dos coñecementos precisos para faceren unha labor de proveito, hainas tamén que nada teñen que envexar á moitas das que producen adoito os consagrados noutras dramáticas de mais doadas condicións para o seu desenvolvemento e evolución.

As primeiras obras.

En Agosto do ano 1882 representouse por primeira vez na Cruña un drama galego. Subiu á escena no Liceo Brigantino, e visto o seu éxito levouse logo ao Teatro Principal.

Este primeiro drama de que temos coñecemento é “A Fonte do Xuramento”, orixinal de D. Francisco María de la Iglesia. Trátase d'unha obra en verso na que se intentou presentar un motivo pasional, mais a cõr de vida, a naturalidade falta hastra' o extremo de que simples mozos de aldea fan un curso de historia na súa conversa. O asunto é vulgar: unha moza namorada d'un canalla ao que finalmente dá morte en loita á gadañazos outro mozo que bebe os ventos pol-a rapaza sendo despreciado por ela. Está trazado nunha forma defectuosa, que apenas desperta interés.

Don Galo Salinas escribiu logo “¡Filla!...”, cuadro dramático, tamén en verso según o gusto dominante na época. Esta obra, que é puramente pasional, se ben ten algúns defectos de linguaxe que d'aquela non estaba tan cultivado coma nos tempos actuais, no tocante á forma está ben urdida e pode figurar no repertorio de calquera compañía. Con “¡Filla!...” presentouse ante o público no Teatro Principal da Cruña aquela notable “Escola Rexional de Declamación”, fundada pol-o actor Eduardo Sánchez Miño, da que saíu o admirado Jambrina, e da que foi iniciador e primeiro presidente o mesmo Salinas. Naquela representación, admirablemente presentada e interpretada con verdadeiro arte “¡Filla!...” conquistou un enorme triunfo.

Afinamento do noso Teatro.

No ano 1903 apareceu “A Ponte”, de Lugo, que foi estrenada pol-a citada “Escoia” con ruidente aprauso. É o primeiro drama en prosa, de gran forza dramática, no que late a pasión abasalladora que domina a razón, e a desesperación que revoltándose ao cabo romata coas inobres cobizas do intruso. Está inspirada nos excesos que comete o caciquismo nas nosas aldeas, que nin siquiera res-

petas as honras dos labregos que soportan o seu poder, e marca un novo e firme paso da dramática galega. Por ser a primeira das que Lugo escribiu quizais ten escoso de monólogos. Eu son mais partidario de que os sentimentos que alenta cada persoa cheguen ao público pol-o desenvolvemento da obra, ben en conversas entre varias figuras ou xa pol-a maneira característica de falar e de obrar que debe acusar cada tipo, do que por esa especie de confidencias que fan os actores. Hai quen pensa que precisamente nos monólogos, pol-a súa dificultade, é onde teñen os artistas maior motivo de lucimento. Mais, no teatro moderno é moi raro atopar algun monólogo.

Ante o éxito d'esta obra Lugo escribiu “Minia”, “Mareiras” e á final “Eslaviti”.

“Minia”, que é outra variante do poder dos caciques, está ben dialogada e romata c'unha escena de fonda impresión, en que a protagonista, posta como tola pol-o “amo” do lugar, finxindo un rauto de toleria, dá morte ao seu infame perseguidor.

“Mareiras”, ao meu ver a obra mestra de Lugo, é mais sentimental, mais poética, é quizais tamén mais natural, inda que as outras tamén o sexan. As figuras teñen mellor acusada a personalidade; hai algunhas, como o vello Marcelo, que é unha verdadeira creación. O desenvolvemento da obra, sinxelo e interesante e ás veces fondamente dramático, vai transmitindo ao espectador esa simpatía da comunidade de sentimentos que ao romate, nun desenlace trágico e inesperado, produce unha emoción fonda e sentida. “Mareiras” é unha das mellores obras do noso Teatro e foi a primeira que sinalou o paso xigantesco dado pol-a Dramática Galega para o seu afinamento definitivo e para o seu perfeccionamento. Denantes de se estrenar esta obra coidaban todos que o público non soportaría os tres actos d'un drama en galego. O triunfo outido por “Mareiras” veu demostrar que o interés sostense, como se sostivo neste drama intenso e poético, belo e humano.

En diversos certames que se fixeron en Santiago e no Ferrol foron premiados “Feromar”, un intenso drama pasional de Salinas, aínda sen estrenar porque a Escola Rexional de Declamación para o que foi escrito desfíxose disgraciadamente axiña, e non sendo aquela obra impresa fíxose pouco coñecida. O boceto dramático “Sacrificio”, de Carré Aldao, que estivo igualmente varios anos gardado pol-o mesmo motivo, e “Sabela”, comedia dramática tamén de Salinas que tivo a mesma sorte; inda que estas dúas derradeiras foron representadas varias veces en data posterior.

A necesidade de crear a comedia.

Hasta aquí todo eran dramas ou comedias dramáticas. E así, cando se quería facer algunha representación galega, como as obras que había eran todas nun, ou todo o mais dous actos, os que as representaban botaban man d'unha comedia ou d'un xoguete castelán para compretar a velada.

Esto producía un efecto desagradable; era tamén como declarar que nós non sabiamos mais que de conxoxas, de acedumes e dôres. Todos cantos falaban de Galicia dicían xa que a nosa música choraba; que a nosa poesía era tristeira e salayante; o noso carater melancónico. A Dramática viña á vida sómente con desesperación e acoramentos. Noustante Galicia non é absolutamente unha terra triste; eu crieime entre as campías ridentes onde corren os ledos regatos á sôma das praciñas carballeiras ou á beira dos rumorosos pinales; eu presenciei moitas veces as rebuldeiras romaxes e foliadas onde as risas e cantigas mestúranse co barullo dos algueiros bailes; eu oín adoito conversas churrusqueiras, paliques graciosos. ¿Por qué, pois, limitarse á aquilo? Daquela eu quixenme impôr o traballo de ver se podía escribir unha comedia. Fixen o

primeiro ensayo e cando romatéi "Noite de ruada", fai agora trece anos, e leímla á un fato de bós amigos que a aplaudiron, tiven unha grande satisfacción, mais que por se tratar d'unha obra saída do meu maxín, porque entendía que ela habería de influir para que os autores galegos adicasen maior atención ao xénero cómico. Mais, esta comedia levóu tamén nove anos de esquecemento durmindo nunha gaveta.

Aparece o teatro cómico.

Hasta que xurdiron os coros populares.

Encomezou no Ferrol "Toxos e Froles", que para lle dar variedade aos festivales outiveron a axuda de Charlón e Hermida, dos rapaces animosos que representaron varios diálogos que eles mesmos escribían. Certamente que este diálogo, inda que teñen moita gracia e tipos ben estudados, non poden noustante se consideraren como obra de gran valor na nosa dramática, mais eles abriron as portas do Teatro Galego á comedia, xa que por entón foi cando se crearon novos coros en diversas vilas galegas, e seguindo o exemplo do ferrolán entre dúas partes de música representaban un xoguete ou unha comedia.

Para cumprir os desexos de "Cántigas da Terra", do que fun director escénico, escribíu eu "Pra vivir ben de casados" e "Tolerías", que se representaron posteriormente por diversas agrupacións similares en case todol-os teatros de Galicia. D'esta sorte apareceu tamén a comedia "O Pazo", de Lugo, que quixo demostrar co' esta obra chea de vida e intención que ridiculiza os malos galegos coa santa idea de que devolvan todo o seu querer á Terra, que así como emociona co drama sabe facer rir e pensar coa comedia. E para servir á outros coros xurdiron igualmente "Na Corredoira" e "Almas sinxelas", de Xavier Prado; "Na casa do ciruxano" e "Un home de pau e ferro", de Riveiro; "O Señor Dalagado", de Alvarez Novoa; "Copas e bastos", de Salinas, e outras varias, todas elas obras cómicas.

E todas estas obras citadas hasta aquí foran inspiradas na vida dos nosos labregos; quizáis por buscar os seus autores maior propiedade na súa presentación xa que a fala empregada nelas é naturalmente a galega, naqueles tempos coase relegada das xentes cultas e usada sómente pol-os homildes; quizáis por seren os costumes do campo mais pintorescos, por espertar maior interese nas vilas, ou por conecer mais á fondo o carater dos labregos e mail-os seus desacougos espirituais ou a súa gracia no dicir intencionado.

O esceso de realismo.

Por certo que alguns autores pecan de esceso buscando o éisito de risa coas cóchegas da crudeza. Eu entendo que está ben un pouco de realismo, sobre todo cando se trata de presentar cuadros rurais feitos como pasatempo, mais non sexa tanto que pique coma os toxos ou o que é peor, que cause noxo, que por riba de todo a obra teatral ha ser artística.

O Teatro non debe ser a copia exacta da realidade, tal como ela é, con todol-os seus componentes bós ou malos, pois xa é sabido que na vida se ben algunhas veces descóbrense unha manifestación de beleza, moitas mais son as que de cote producen impresiós antiestéticas, desagradables e insulsas, a mais de que para ver un cuadro tan realista que imite o mesmo natural, non é preciso ir ao teatro. A arte dramática debe ser a creación de algo novo, que aínda lembrando a vida real, na que se inspira, tenda ao ideal, espertando no espectador un sentimento de beleza, unha emoción purificadora e educativa.

Ben sei que o público gusta de se rir, e sobre todo ago-

ra que o xénero de *astracán* madrileño meteuse tan adentro no espírito das xentes, búscase no teatro ocasión de desgolletar o bandullo á gargailadas, e nas obras galegas riñe de mellor gana aínda cando se atopa algo brava coma os cardos, inda que estrague o paladar. Mais creó tamén que poden escribirse obras graciosas e finas ao mesmo tempo, e ahí están como proba "O Pazo" e "Pra vivir ben de casados", as dúas comedias que mais veces se levan representado en todol-os teatros de Galicia.

O público ten certamente unha gran forza, como que é en definitiva o que consagra ou anula xeneralmente aos autores; e os autores déixanse arrastrar por él someténdose á súa influencia. Noustante, inda que unha boa parte do público ri coas choqueiradas e crudezas e gusta d'elas, gusta mais, moito mais das cousas ben feitas, como se proba de cote.

Aparte de que, como dixo Benavente: "O verdadeiro artista non fai obras para o público; prefere facer público para as súas obras".

Primeiro intento de Conservatorio.

Despois de varios anos en que a Dramática galega estivera adormentada, a labor dos coros viñeralle dar novamente un pouco de atención, e non faltou quen cavilase en facer un novo esforzo para resucitar a antiga "Escola Rexional de Declamación", agora que parecía haber mellor ambiente e mais obras para garantir á súa vida; mais non sempre o desexo é d'abondo para realizar os proxectos e á pesar do intento non se puido efectuar a reorganización, que tamén, inda que pareza mentira, nen todol-os aficionados, nen todol-os autores acertan á comprender cales son os seus propios intereses, e poucas veces quérense unir para facer unha labor de mutua axuda e de melloramento xeneral da arte.

Ao cabo a Irmandade da Fala da Cruña organizou algo que quixo ser aquilo. Non falo da labor d'outras Irmandades e asociacións que teñen representado tamén moitas obras galegas, porque non as inspirou realmente o afán de imprimir un impulso forte de vida e arte á nosa Dramática.

Non foi baldío o esforzo da Irmandade cruñesa, e o chamado "Conservatorio Nazonal de Arte Galega" tivo o mais formidabile éisito coa representación de "A man de Santiña", esa delicada comedia de Cabanillas, que é unha xoya pol-a galanura das frases, pol-a poesía que arrodea c'unha aureola recendente as figuras que nela teñen vida. Lástima que un linguaxe tan poético, tan belo, non dé relevo á unha acción mais emocionante. Un anaquiño que afondase a pasión, o drama que se inicia, e a comedia de Cabanillas ocuparía o mais alto lugar na Dramática galega.

Noustante "A man de Santiña" logrou o éisito que merece. Tivo parte nel o perfecto da presentación, que se fixo con coidado e cariño, con decoracións pintadas para ela como requería, e c'un perfecto estudo dos tipos debido ao coñecemento técnico do actor Fernando Osorio, entón director do Conservatorio.

Iniciase a nova tendencia.

E hai que notar outra cousa. "A man de Santiña" é a primeira obra galega representada en que todol-os personaxes son fidellos, señores. Este é o cambio, o camiño que se inicia, para o progreso do noso Teatro, a nova orientación que ha dar impulso á Dramática galega.

N-efecto, aínda habendo variedade nos temas e tipos das nosas obras, en xeneral, por seren todas elas basadas en asuntos e costumes labregos ou mariñeiros; por representaren sempre as crases homildes, aquelas obras resulta-

ban quizáis algo monótonas e somellábanse unhas ás outras. "A man de Santiña" iniciou, pois, a nova tendencia. Realmente a vida de Galicia non é sómente a vida dos labregos, e non debe pol-o tanto limitarse o noso teatro á escenas rurales senon que debe atender tamén aos innumerables motivos e problemas que teñen existencia nas vilas, dándolle á par variedade ao ambiente das obras escénicas e arriquecendo o seu desenvolvemento artístico.

O esaxero nas gabanzas.

Pouco mais ou menos por aqueles tempos estreouse tamén en Santiago outra obra que outivo grande éxito. "O Fidalgo", de Xesús San Luis, á que a prensa en xeneral adicou formidables gabanzas. "O Fidalgo" noustante non é mais que unha repetición de "A Ponte": o mesmo motivo, o mesmo desenvolvemento, coase as mesmas escenas. Eu non quero dicir que sexa un plaxio; pode moi ben ser coincidencia porque disgraciadamente os caciques en Galicia fan moitas falcatruadas; mais o certo é que "A Ponte" e "O Fidalgo" asoméllanse coma unha pinga d'auga. Pero os críticos que xa esqueceran a primeira faláron con grandes loubas da segunda e deixáronse levar tanto do entusiasmo que hasta compararon ao seu autor cos mais altos prestixios da dramática mundial.

¿É para tanto? Digámolo honradamente: non é. "O Fidalgo", pol-o seu asunto, causa indignación no espectador con algunhas escenas de violencias e infamias; a forma, o linguaxe, o mesmo verso, deixan moito que desexar, e no tocante ao desenlace da obra, non falemos: é simplemente ridículo. ¿Que o seu autor é un home homilde? Ben, terlle total-as consideracións que se queira; mais aconséllase que xa que ten condicións de dramaturgo, que estude o preciso para facer as cousas en regra.

¿Non sería mellor que "O Fidalgo" tivese unha forma mais acabada, mais perfecta? Eu non creo que o estudo mate o xenio; mais o que si coído é que o xenio pechado nunha forma tosca e imperfeita non é posíbre que se poida manifestar en toda a súa grandeza.

E compre, xa que de louvas esaxeradas falo, recriamar un pouco de xuício aos nosos críticos.

A propósito de certa obra escribía un, que era talmente coma unha das produccións maeterlinkianas; poucos días despois aseguraba o mesmo panexirista que aquela obra somellaba de Bernstein; e vamos, eu coído que non abonda con citar nomes de autores de sona...

Porque ademais pode ocorrer que xentes de fora da nosa Terra que se interesan pol as nosas cousas, en vista das enormes gabanzas, pidan, para conocelelas, esas obras asombrosas e extraordinarias, e aínda soliciten ao mellor o permiso para as traducir á outros idiomas, e despois... despois ven o ridículo para Galicia, e non se importar xa en adiante das cousas ensalzadas.

Ben está alentar un pouco aos que traballan con fé; mais de ningunha maneira débense emborcar todol-os adxetivos laudatorios enriba de obras medianas, escritas con boa vontade, mais carentes das condicións que fan d'unha obra literaria unha verdadeira creación artística capaz de admirar á propios e estranos.

A nova orientación.

Nestes derradeiros tempos escribíronse algunhas obras que imprimen novo rumbo á nosa dramática, porque tratan xa de cheo asuntos e tipos de señorío e vilegos. Entre elas destacan pol-a súa extensión e importancia: "A Fidalga" e "Entre dous mundos", de Salinas; "Denosiña" e "Alem", de Quintanilla; "O Trebón", de Cotarelo; "O Camiño", de Casal; e "O Engano", "O Pago" e "O Pecado alleo", das que son eu autor.

As de Salinas, como total-as suas, son obras en que se presentan problemas sentimentales: o amor da Fidalga, namorada do seu adeministrador, que marcha coa alma chea d'unha desesperanza saudosa porque él quere á unha sinxela rapaza. Ou a honradez, a bondade, o traballo do rapaz que en "Entre dous mundos" logra interesar á filla d'un riquísimo comerciante...

"Denosiña" e "Alem", de Quintanilla, son duas obras exóticas pol-os tipos, pol-o ambiente e pol-o asunto. A primeira parece inspirada nas cousas francesas en que abandonan os maridos enganados, as cobizosas aventureiras, os bandidos que se finxen amigos dos que explotan, e hastra os cínicos chantaxistas. Somella como se Quintanilla quixera satisfacer co'esta obra os gustos do público afeito ás produccións cinematográficas por series en que se ven as cousas mais estranas.

Houbo quen comparou esta obra coas de Maeterlink. ¿E en qué se asomella esta produccións ás do gran autor belga? ¿Onde ten esa delicadeza, esa forma dramática e misteriosa que tanto emociona n-aquel autor?

"Alem" é unha obriña á ba-e das crenzas espiritistas, que se desenvolve languidamente e ten a súa acción en New-York. Nesta obriña, ademais, vese o pouco que o Sr. Quintanilla conoce a nosa fala. Unha das faltas grandes que ten é confundir o "soño" co "sono", que en galego non é o mesmo. Hai quen dirá que estas cousas son cativeces; mais o certo é que con tales "cativeces" non pasaría ningunha obra literaria en castelán, senon que mandariase á escola ao seu autor.

En troques, non son eu dos que combaten estas obras pol-o seu ambiente estrano á Terra, nen estou conforme coa opinión sustentada por Risco que dicía en certa ocasión: "O artista, para sélo, ten que ser *da sua Terra*..."

Non penso eu así en ausoluto. Eu entendo que é preciso facer por riba de todo obras humanas, intensamente apasionadas, ategadas de vida e sentimento, e nas que esvoace algun ideal; nunha verba: que sexan verdadeiras creacións. Certamente que nestas condicións debemos desexar que, así pol-o ambiente en que se desenvolvan como pol-a fala en que se espresen sexan puramente galegas, mais estimo tamén que pode escribírense unha grande obra inspirada e desenrolada nun ambiente estrano á Terra. Shakespeare, por exemplo, compuxo "Hamlet" que á pesar de ter a súa acción en Dinamarca, é unha obra come do teatro inglés.

Agora teño que me deter en "Trebón", de Cotarelo.

"Trebón" é unha obra completa. Nela vive a vida das nosas vilas rurales e noustante ten un ár de señorío que encanta, pol-a súa delicadeza, pol-a forma culta en que se desenvolve, e pol-a beleza das frases que a animan. As figuras están admirablemente trazadas, e teñen todas elas unha personalidade tan definida que son realmente persoas vivas, coas suas almas, coas suas pasiós, coas virtudes e defeitos á que responden de coté as suas accións e os seus pensamentos todos.

Así, o bon vello Don Andrés cando ve ao seu odiado enemigo, o bandido Manuel, que como él di: "Despois de vinte anos de miseria, de frío, de chuvia; vivindo nos montes coma as bestas, engoumeado nas tebras coma os lobos, afamado e sedento... devencido por fuxir do presidio onde estivo sete anos encadeado"... sómente se lembra de pedir: "¡Sabela!" Saca de merendar... Pan, queixo: o que haxa...

E cando no final do segundo acto recibe un tiro do mesmo bandido á quen acollera tan garimosamente, sem-

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

pre bon, sempre disposto á perdoar aínda ten azos para dispoñer as cousas de xeito que todos crean que foi el mesmo ó que se feriu casualmente.

As escenas todas da obra están trazadas c'unha arte ameigadora; con gracia en algunhas, como aquela onde o vello Cibrán concerta con Don Andrés o casamento de Rosalía; con poesía, como cando O Tralo relata como viu ao pé da fonte a namorada parexa, ou a do terceiro acto cando as dúbidas ameazan romper o concertado casamento; tráxicas coma a do segundo acto en que Manuel entra pol-a ventán, ou a final do mesmo acto. É unha obra que emociona, e tamén unha obra técnicamente ben feita.

A técnica e o ambiente.

Hai que se ri da técnica. Xeneralmente todol-os que, un día, sentíndose inspirados botan man á unhas follas de papel e pónense á esbarranchalas trazando escenas e mais escenas, sen facer denantes ningún estudo, d'unha maneira absurda e achoqueirada, sen acusar os caracteres dos personaxes, sen os facer que se movan lóxica e naturalmente, e sen que espresen os seus pensamentos propios da súa maneira de ser especial e na forma característica de cada un, ou ben facéndoos falar solos coma se fosen tolos, ou contarlles as súas cotías ao público que dentro das regras da arte é como se non existira, eses son os que din "¿qué é eso da técnica, e para qué sirve?"

Tamén hai quen nega importancia ao ambiente, iñorando que o ambiente é precisamente a maneira de ser peculiar de cada pobo como o carácter é a de cada persoa. Agora ben, o ambiente en certas obras está mais na presentación, na *mise en scene* que na letra, inda que as ideas son tamén froito do ambiente; mais estas son cousas das que non todos se decatan, e así hai moitos que escriben para o teatro sen parar mentes nos moitos detalles que é preciso ter en conta, e sen saber o que é o taboado escénico, de xeito que raras veces poden producirse cousas de proveito.

Ventaxas de coñecer a técnica.

Se botamos unha ollada aos grandes escritores dramáticos, vemos que coase sempre os que mais fama abrangueron pol-as súas obras xeniales son aqueles que, como Molière e Shakespeare eran ao mesmo tempo actores; e xa nos tempos modernos, un dos que marcou época e fixo escola, Ibsen, coñecía tamén de perto a mecánica e mais o espírito do Teatro, porque durante moitos anos foi director de escena no Teatro de Cristianía, e durante algun tempo adicouse tamén ao estudo da arte escénica en Dinamarca e Alemania.

E a propósito de Ibsen, compre que seipades que as súas obras eran tan estudadas, maduras con tanto detimento que, por exemplo, "Peer Gynt" tardou en romatala nove anos; proba de que unha obra dramática non é cousa que deba de se facer en catro prumadas e de calquera maneira.

Non quero dicir co'esto sin embargo que haxa regras fixas para trazar obras de teatro. A fantasía dos autores pódese desenvolver con toda liberdade e as grandiosas obras ibsenianas demóstrano.

O escritor ruso Andreiew é tamén orixinal e intensamente dramático nas súas obras. Sobre d'elas téñense en tablado polémicas e discusións apaixonadas, mais o teatro de Andreiew impúxose en Rusia e vaise impondo no mundo enteiro pol-a ideoloxía e pol-a emotividade das súas escenas.

Non é, pois, que deba escribirse por receta; non é que os autores teñan que suxeitarse á un formulario ou á patrés estabrecidos. Nen coído que sexa util meterse nos

moldes literarios ou encaixarse en calquera das divisións que fan certos críticos coas obras dramáticas adaptando ou pechando a imaxinación entre os lalados que abeiran o camiño escollido.

Mais debe, sí, terse en conta que como total-as artes, a Dramática ten certo mecanismo, unha maneira de ser, unha técnica especial que é preciso coñecer para poder presentar d'unha maneira comprensiva e agradable a idea desenrolada pol-o autor.

As innovacións no Teatro.

En Galicia hucbo quen quixo meterse á innovador no noso Teatro, e toda a novidade que se lle ocorreu foi suprimir a división por escenas, iñorando que eso é produto da necesidade mecánica da representación.

As innovacións, as tendencias modernas no teatro, son outras. Son as que acusan as variantes da alma humana, sometidas constantemente ás pasións que as impulsan, cando hai un ideal á que obedecen. Son as que guían d'unha maneira lumiosa os camiños do progreso moral e material dos pobos mediante unha exposición sinxela, comprensiva para todos porque vai envolta nas roupaxes da arte.

É lástima que Xacobe Casal non se decida d'unha vez á escribir para o Teatro. "O camiño", única obra de importancia que conozo das que leva producido, ten condicións para trunfar; é unha obra de traza moderna, que á par d'unha forma correcta alenja unha idea grande e nobre; señala "O camiño" que se debe seguir para o progreso da nosa Terra e a derrota definitiva dos caciques que a teñen asoballada.

As miñas obras.

E como romate falaréi agora das miñas, para vos indicar a idea que me animou á escribilas, para que vexades a orientación que levan, o ideal con que tratéi de as facer resprandecentes.

"O Engano" non é unha comedia de chistes nin de situacións cómicas; non é tampouco un drama en que hai riñas, mulleres deshonoradas, nin escenas altisonantes. Mais que unha obra de teatro é quizais unha noveliña dialogada: a vida cotiá nas vilas galegas; as cobizas da mocidade intelectual que soñando coa gloria fluxen da Terra; a saudosa desesperanza das nosas sinxelas rapaciñas que se ven esquivadas pol-a ambición dos noivos soñadores... Esta obra é unha chamada á mocidade artística e literaria; á cantos sinten un ideal de grandeza espiritual, para que non deixen á Galicia, para que adiquen o esforzo da súa intelixencia á laborar no propio fogar, na propia Terra.

"OPago" é outra cousa. Presenta n-unha forma dramática a necesidade, a xusticia, de que a xente que traballa nunha casa de comercio ou nunha industria calquera, teña participación nos seus beneficios, sendo algo así como unha especie de socio industrial. Nesta obra non sómente desenvólvese a acción na cidade, senon que, como vedes, o asunto d'ela non está inspirado nun tema que afecte escrusivamente ás nosas xentes, do campo ou da vila, senon que pode ser de interés para as xentes de moitos países; é dicir: tende ao "universalismo".

"O Pecado alleo" é tamén un drama. Mais non un drama de situacións violentas, de berros, de actitudes descompostas, de desesperacións clamorosas. Quere ser a obra do sentimento fondo, da paixón agachada no mais íntimo, da dor surda que sofre en silencio, que desgarrá o interior onde enraíza con forza e domina abasalladoramente; que-

Fume vosté con papel

NOROESTE

re ser tamén a traxedia dos prexucios, dos erros que fan encamiñarse por tortos camiños ás mais puras e nobres cobizas, os fidalgos sentimentos, aos que o aborrecimento cega. Quere ser o drama en que a fatalidade encadea as cousas d'unha maneira irremediabile. Expón a inxusticia de vingar nos fillos culpa cometidas pol-os seus pais, das que de ningún xeito poden ser responsables.

En todas elas tratei de facer arte seguindo un rumbo de modernidade d'acordo cō que puiden adeprender nas obras do teatro noruego, ruso, dinamarqués e alemán á cuio estudo adiqueime, e que deixaron na miña alma unha visión de arte e sentimento ideal.

O xenio dende logo que non se adquire cando un ten a disgrancia de nacer manco d'el; mais o perfeccionamento da forma sí que pode lograrse, sí que debe lograrse co estudo. Pol-a miña parte quixen poñer toda a miña vontade e todo o meu desexo en facer ben estas obras; cando elas teñan a honra de subir ao taboado, o público dirá se os meus desvelos foron ou non valdíos.

É mester mirar adiante.

Está demostrado que o pobo galego ama o seu teatro, onde lle falan de xeito que entende; ve os seus defeitos ou as súas virtudes, e ri co seu humorismo; onde, en fin, presenza a propia vida, e é preciso corresponder á afición e entusiasmo do pobo crecéndelle cousas mais perfeitas cada día, xa que cada día tamén, vaise depurando o seu gusto e adiantando na súa educación estética, ademais de que o artista en maneira algunha ha de se limitar á satisfacer pol-o momento a limitada comprensión e o gusto d'unha parte do actual auditorio das obras galegas, senon que ha de pensar no porvir.

En toda manifestación artística que tenda á satisfacer ás multitudes, e á cuio xuício ten que se someter, como ocorre coa Dramática, existe de cote certa influencia de vulgaridade que a envolve coma un neboeiro, facendo esvaírse entromedio d'ela as mais puras ideas ou as belezas que poida comprender. O talento do autor debe saber librase d'esa vulgaridade perxudicial, e sempre ha de estar atento á salvar a súa propia dinidade das lameiras en que moitas veces se enlodaza por pretender botar a carnaza das *concesións á galería*. O artista, mais que á coliza da popularidade fácil, debe tratar de satisfacer a propia sede de beleza que lle dite a súa conciencia.

O Teatro Galego vai adquirendo vigor e perfeccionándose. Teño a esperanza de que os nosos autores estudaran mais cada día movidos d'un nobre sentimento de superación e amor á verdadeira arte.

O que se fai por fora.

E vou romatar.

En Cataluña, que é a rexión onde maior atención merecen a música e mais a dramática xenuinamente catalás, ergueuse un "Pazo da música catalá" e téñense feito xa estudos para levantar tamén o "Pazo da dramática catalá".

En Barcelona funciona unha "Escola catalá d'arte dramática" oficial, e existen tamén a "Asociación catalá d'arte dramática" e o "Fomento do Teatro catalá", ambas de fundación particular. Varias revistas contribuíron sempre ao fomento e progreso d'esta arte; entre elas lembramos: "Lo Teatre regional", "La Escena catalana", "Juventut Teatral" e "Lo Teatre catalá", ademais d'outras publicacións periódicas de numerosas obras dramáticas catalás.

E consagrados á esta arte existen os teatros "Catalá Romea" e "Espanyol" na capital, e outros varios á mais de moitas sociedades artísticas nas diferentes cidades.

En Málaga tamén existe o "Conservatorio de Música, Declamación e Boas Letras", e na Basconia o "Conservatorio Euskaro" de Música e Declamación.

O noso desleixamento.

En Galicia, nazonalidade perfectamente definida e que posee unha Literatura e unha Arte propias, carécese d'unha institución poderosa que labore pol-o engrandecemento e progreso da súa arte musical e dramática, e ninguén se preocupa d'esas cousas, obrigando así á moitos que poideran dar á súa terra días gloriosos, á levar o froito do seu talento e da súa arte á arriquecer outros pobos.

Sómente nesta Irmandade da Fala véñse sostendo unha "Escola Dramática Galega" que fai o posibre, dentro dos medios reducidos con que conta, para intensificar e perfeccionar as manifestacións da nosa arte teatral. Se esta "Escola" lograrse algún apoio que lle permitise dispoñer de mais amplo campo de acción, podería efectuar representacións nos teatros de toda Galicia, e a nosa Dramática resprandecería así pol-o seu propio valimento en pouquísimo tempo.

Hai tamén algunhas agrupacións n-outras vilas galegas que fan algunha que outra representación; mais case sempre estas agrupacións non se adican ao Teatro Galego senon á determinadas obras d'este ou aquel autor facéndose así axentes d'un exclusivismo que non debe existir dentro da arte.

De todas sortes está ben que cantos en Galicia sintan afición e amor pol-o teatro, adiquen todo o seu entusiasmo á facer brilar as obras xenuinamente galegas.

Importancia da nosa Dramática.

Para nós debe ter unha principalísima importancia o cultivar a propia dramática, arte popular por escelencia, que pode servir de exemplo e guía, que ha conducir o pobo galego pol-o camiño do enxebriemento e da redención da nosa Terra.

* * *

Esta conferencia deu remate á serie d'elas que tan oriantemente viñéronse celebrando e que os nosos lectores conocen por témol-as publicado n'estas columnas.

Quedaron sin as pronunciar algúns señores que as prometeran e que ao reanudar-as no proisimo outono celebraranse ademais de outras que a Seición de Cultura e Fala ten mentes de solicitar d'algúns galegos ilustres da Cruña e de fora.

Irmandade da Fala da Coruña

(Continuación)

de de todol-os fillos de Galicia. Nosoutros sentímonos orgullosos de que pertenza á nosa Irmandade, quen co seu saber e entusiasmo fixo a mais grande aportación á cultura galega no ano derradeiro.

A nosa escola de decramación siguiu traballando con máis intensidade e mais éisito que nunca; pol-o número de representacións e de estrenos a "Escola Dramática" da nosa Irmandade constitúe xá unha honra da nosa terra, e a mais vizosa manifestación da nosa cultura.

Dentro da Irmandade organizamos un curso de conferencias que se están celebrando n-estos mesmos días, o que pol-os temas tratados, e pol-as persoalidades que nos honran coa súa axuda fai que iste curso sexa a mais grande e esquisita labor que n-este senso se ten feita.

Temos tamén que doernos da morte dos irmáns Ricardo Carballed e Inacio Rodríguez, os dous grandes galegos, dotados de grande intelixencia e de maiores entusiasmos. Nosas oracións para os bós e xenerosos que coa súa lembranza van afincando mais a santidade da nosa Causa.

Tamén temos que siñificar a gran perda que Galicia su-

freu coa morte de Murguía, o gran Murguía, ilustre patriarca das nosas letras. Coa doenza da súa irreparable perda cómprenos a satisfacción de ter sido os irmáns da fala quenes lles dimos guarda de honore ao seu cadavre, é quenes honoramos con mais entusiasmo, con millor organización e con mais relixiosa unción ao gran patrio galego.

Tal é a breve síntesis da nosa actuación:

Despois de leída a memoria, a xunta xeneral acordou con gran entusiasmo seguir as orientacións da histórica Asambrea nacionalista celebrada en Lugo por considerar que marcan perfectamente a verdadeira orientación que debe ter o movemento nacionalista galego. Acordou tamén que sendo as "Irmandades da Fala" verdadeiras escolas de bós galegos débense abrir as portas a cantos n'elas queiran entrar con ouxeto de ir afinando n'eles o sagro ideal nacionalista. Considerou que é contraproducente o poñer trabas e cortapisas a esta labor de apostolado. Acordouse que a nova xunta directiva continúe a labor de propaganda comenzada pol-a directiva anterior, tratar de reorganizar algunhas irmandades que no comenzo do movemento actuaron fortemente e que hoxe non teñen aquela forza e actividade que deberan ter e crear outras cumprindo peticións dirixidas de varios pobos de Galicia á Irmandade da Cruña. Cando isto esteña feito, celebrarase a quinta Asambrea nacionalista das "Irmandades da Fala" coincidindo co'a chegada aquí da excursión da Habana. Con ese motivo celebraránse na capital da Terra, foco principal do movemento nacionalista, varios actos de propaganda e de afirmación nacionalista.

Despois de tomar outros acordos de carácter interno elixiuse novo Consello directivo que constituíen or irmáns seguintes:

Conselleiro primeiro: Luis Peña Novo.
Idem segundo, Federico Zamora.
Segretario, Tomás Rodríguez Sabio.
Vice, Anxel Casal.

Tesoureiro, Francisco Abelaira.

Contador, Benito Ferreiro.

Bibliotecario, Leandro Carré.

Vocás: 1.º, Carlos Monasterio; 2.º, Benito Rodríguez; 3.º, Federico Rodríguez Chás; 4.º, Xulio Pita; 5.º, Fernando Blanco.

Para adeministrador de A NOSA TERRA foi reelegido Víctor Casas.

Esta xunta foi elixida por unanimidade e os irmáns que a compoñen propóñense realizar unha grande e meritísima labor pol-o ben da Causa. Dende logo comenará a desenrolar axiña un comprobante plán de eficaz e activa propaganda. E despois d'un cambio de impresiós encol da situación actual do movemento nacionalistas deu remate a xunta xeneral, na que reinou gran entusiasmo.

Na primería reunión celebrada pol-o novo Consello trazouse xa o plán a seguir e tomáronse algúns acordos que terán realización moi logo. A directiva examinou unha comunicación firmada por varios irmáns pedindo se ademitira no seo da Irmandade unha sección deportivista que constituía pol-o momento un equipo de futbol. Así acordouse e quedou xa organizado o "team" que levará o título de "Club Terra a Nosa". Os equipos dos xugadores serán camiseta branca con franxa diagonal azul e a fouce enriba do corazón e pantalón azul. Todol-os socios do Club teñen a obriga de se facer irmáns da fala. Este acordo é de gran importancia pol-o incremento que vai tomando o futbol na Nosa Terra, que pode ser base para a creación d'unha raza forte, por ter un equipo que n'aquel deporte poida ter unha sinificación marcadamente galeguista e porque ao mesmo tempo pódese facer entre os elementos que o integren unha gran propaganda do ideal nacionalista.

Tomáronse tamén outros acordos e constituíronse as seccións que compoñen a "Irmandade".

Desexamos aos entusiastas irmáns que compoñen o novo Consello moitos triunfos e agardamos da súa actuación moito bon para a Santa Causa que defendemos.

A SUPERIORIDADE

DOS

CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores. Mais o procedere d'unha industria gallega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pol-a súa Terra.

Fábrica: Juan Flórez, 136 — A CRUÑA

DESPACHOS: { Cantón Grande, 15 - A Cruña.
Real, 110 - Ferrol.
Príncipe, 9 - Vigo.

Incombustibles lixreira-Impermeables as pizarras C. Y. T.

son a millor cuberta para tellados

Pódense ver empregadas nos edificios: Cuartel das Mercedes, de Lugo; Balneario de Guitiriz, e nos edificios recentemente construídos no Campo da Estrada, da Cruña, para Inxenieiros militares, etc., etc. Son perfectamente regulares, cortadas a máquina e solo pesan 16 kilos metro cuadrado

Vendedor exclusivo: VIUDA DE NOVOA

Payo Gómez, 6 - A CRUÑA

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70
(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFFECTOS NAVALES
— DE —
Ferrer e Compañía-Sucesores
F. BERTRAN E MIRAMBELL
Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868
Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

“Patente-Salvavidas”
O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE
F. Bertran e Mirambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS
LIBRERIA — PAPELERIA
IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

FARMACIA EUROPEA

— DE —
Lopez Abente
— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecementos da súa cras que mais honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adelantos.

Paulino Freire
BOUZAS - VIGO
Sucursales: en Cruña - Ferrol
Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca
— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRICOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256
A CRUÑA